

Castro de Agrafoxo



O asentamento está nun outeiro chamado coto do castro e que se eleva sobre as terras do entorno moi cerca da aldea de Agrafoxo a unha altitude de 345m. Ten forma ovalada e no seu diámetro máis longo, este-oeste, ten unha medida aproximada de 75 m. e na máis curta 45 m., que vai de norte a sur. Actualmente vézelle unha só entrada polo lado norte e todo o recinto amosa parapetos defensivos ou de contorna do recinto con pendentes máis rexas pola lado sur. O interior da croa está adicado a monte de piñeiro e eucalipto. Está moi cercano ao castro do Coto da Ferreira, este cunha croa moito máis pequena, outra morfoloxía e 100 m máis de altitude en dirección suroeste.

Nas fotos de planos Lidar e do voo americano podemos ver a situación dos dous castros, a unha distancia de 625 m. en liña recta.

INFORMACIÓN

TIPOLOXÍA	Arqueoloxía
CRONOLOXÍA	Idade do Ferro
CONCELLO	Rois
PARROQUIA	Urdilde (Santa María)
REFERENCIAS	<p>http://www.planeamentourbanistico.xunta.es/mapes/ROIS/documents/0349PB004.jpg</p> <p>Web que cita os castros de Rois: http://content.yudu.com/Library/A1rtfk/ARutaXacobeadoMardeA/resources/84.htm</p>

XEOLOCALIZACIÓN

COORDENADAS

42.82315339996695 - -8.74187707901001




Anexo

Fotografías ou vídeos do elemento



FONDO SOCIAL EUROPEO
INICIATIVA DE EMPREGO XUVENIL
O FSE inviste no teu futuro



* Información obtida da páxina web patrimoniogalego.net. Xeolocalización a partir da información de mapas.xunta.gal.